



BOP

JUEVES, 18 DE MAYO DE 2017

Nº 112

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2017 aprobáronse as bases para selección e contratación temporal de tres auxiliares de axuda no fogar.

Tipo e duración do contrato: Unha a xornada completa para substitución de traballadora de baixa e dúas a xornada parcial ata o 31 de decembro de 2017.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Folgoso do Courel no prazo cinco días naturais a contar a partir da publicación deste anuncio no BOP.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Folgoso do Courel.

Folgoso do Courel, Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa

R. 1357

Anuncio

De conformidade coa Resolución da Alcaldía de 11 de maio de 2017 faise pública a **convocatoria para a selección de persoal laboral temporal** consistente en:

Oito peóns de incendios, dous xefes de brigada de incendios e tres condutores de motobomba ao abeiro do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a entidade local de Folgoso do Courel para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020

Tipo e duración do contrato: A xornada completa, por obra ou servizo determinado por un período de 3 meses.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Folgoso do Courel no prazo de cinco días naturais, a contar desde a publicación deste anuncio no BOP.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Folgoso do Courel.

Folgoso do Courel, A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa

R. 1358

GUNTÍN

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de 05 de maio de 2017, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao sexto bimestre do ano 2016.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 05 de maio de 2017 ata o 04 de xullo de 2017. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 8 de maio de 2017.- O Alcalde, Jesus Carreira Ferreiro

R. 1319

MONDOÑEDO

Anuncio

O Pleno do Concello de Mondoñedo en sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2017, acordou prestar aprobación ás bases reguladoras de subvencións para o programa de **vivendas baleiras** do Concello de Mondoñedo, durante un prazo que estará aberto de xeito permanente, contado a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e que a continuación se transcriben:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO.

É obxecto das presentes bases a regulación dos aspectos materiais, persoais, formais e procedimentais do Programa de Vivendas Baleiras do Concello de Mondoñedo implantado no mesmo en virtude do acordo plenario de 31 de marzo de 2017 e que se desenvolverá de conformidade co acordo de adhesión ao Convenio de colaboración entre o IGVS e a FEGAMP para o desenvolvemento de dito programa no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, Aluguer e Mellora do Acceso á Vivenda 2015 – 2020 (Plan RehaVIta) aprobado no mesmo acordo antes indicado..

TÍTULO I. INCORPORACIÓN DE VIVENDAS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS

CAPÍTULO I.- CARACTERÍSTICAS E POSTA A DISPOSICIÓN DAS VIVENDAS

Artigo 1.- Condicións e características das vivendas

1. Para a súa incorporación ao Programa de Vivendas Baleiras as vivendas deberán reunir como mínimo as seguintes características:
 - a. Ter a consideración de vivenda libre ou non estar sometida a ningunha limitación para arrendala derivada da súa cualificación como vivenda protexida.
 - b. Non ter cargas que impidan o seu arrendamento, e carecer de limitacións por razóns de legalidade urbanística.
 - c. Estar desocupada e susceptible de uso, cando menos, desde o momento da solicitude de incorporación ao programa.
 - d. Reunir as condicións esenciais de habitabilidade e idoneidade para o seu arrendamento.

- e. Estar de alta nos subministros básicos de auga, lixo, gas e /ou electricidade ou susceptible de estalo no momento da formalización do contrato de arrendamento e estar ao día no pagamento dos correspondentes recibos.
2. As vivendas poderanse arrendar con ou sen mobles, pero, en calquera caso, deberán contar con instalación de auga quente, con cociña equipada con mobiliario e electrodomésticos básicos, entendéndose por tales cociña, forno, frigorífico e lavadora.
3. Poderán incorporarse ao programa calquera tipo de vivendas que reúnan as condicións sinaladas nos apartados anteriores sexa cal sexa a súa tipoloxía edificatoria (residencial colectiva nun edificio en réxime ou non de propiedade horizontal; vivenda unifamiliar; complexo inmobiliario; etc.).
4. Non será preciso que a vivenda se atope inscrita no censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia creado e regulado polo Decreto da Xunta de Galicia 17/2016 de 18 de febreiro (DOGA do 26 de febreiro de 2016)
5. No programa non se admitirán vivendas que non reúnan as condicións, requisitos e características sinaladas neste artigo. Tampouco se admitirán as solicitudes de incorporación daquelas vivendas nas que a criterio do Concello concorra algunha das seguintes circunstancias: ter un entorno que as faga dificilmente alugables, en atención á situación, ás características ou ás condicións de accesibilidade da vivenda ou do edificio ao que pertenza; ou cando para reunir as condicións esenciais de habitabilidade e idoneidade sexa necesario a realización de obras que requiran un prazo de execución estimado superior a tres meses.

Artigo 2.- Renda taxada

O prezo da renda do aluguer das vivendas incorporadas ao Programa de Vivendas Baleiras non poderá ser superior á 250€. Aos efectos de determinarse o prezo das vivendas de superficie menor a 90 m² seguiranse os seguintes criterios:

- Para efectos de determinar dito prezo máximo, establécese unha superficie máxima computable das vivendas de 90 metros cadrados.
- Entenderase que dito prezo máximo inclúe os anexos, rocho e garaxe, que xunto a vivenda sexan obxecto do contrato de arrendamento.
- Deste xeito, o prezo máximo por metro cadrado destas vivendas será de 2,78 € sempre que a vivenda dispoña de rocho e garaxe. En caso contrario, poderase minorar este prezo máximo nun 8% cando careza de garaxe e nun 2% cando careza de rocho.
- Para fixar o importe da renda, tamén se poderá ter en conta os prezos medios de mercado da zona onde este situada a vivenda, se se acredita que estes son inferiores os obtidos mediante a aplicación do previsto neste artigo.
- Prezo máximo de renda por vivenda:

Renda máxima	superficie tipo	Prezo máximo/m ²
250€	90m ²	2,78€

- De acordo co establecido cláusula cuarta, punto segundo, do convenio de colaboración entre o IGVS e a FEGAMP, a correspondente comisión de seguimento e coordinación poderá modificar o citado límite ata un 15% cando se acrediten circunstancias que motiven a necesidade de incrementar ou reducir o importe da renda fixada con carácter xeral, así coma no caso de que as persoas arrendatarias sexan integrantes dunha familia numerosa, na unidade familiar haxa algunha persoa con mobilidade reducida ou cando concorra algunha outra causa debidamente motivada.
- En todo caso o prezo da renda concreta de cada vivenda determinarase no informe municipal da inspección técnica.

Artigo 3.- Posta a disposición das vivendas

1. A posta a disposición das vivendas para o seu arrendamento no marco do Programa de vivendas baleiras, realizarase de forma voluntaria polos seus titulares.
2. A posta a disposición implicará o compromiso de arrendar a vivenda no marco do Programa de vivendas baleiras por un prezo non superior á renda taxada.
3. A duración da posta a disposición da vivenda será de tres anos, contados a partir da data de inicio dos efectos do primeiro contrato de arrendamento que se subscriba no marco do programa.

CAPÍTULO II.- PROCEDEMENTO DE INCORPORACIÓN DE VIVENDAS

Artigo 4.- Solicitud de incorporación de vivendas ao Programa de vivendas baleiras

1. Poderán solicitar a incorporación ao Programa de vivendas baleiras as persoas titulares das vivendas que cumpran os requisitos e condicións esixidas no artigo 1 das presentes bases así como as persoas físicas e xurídicas que acrediten a disposición de uso das mesmas e/ou estean habilitados para a formalización de contratos de aluguer das mesmas.
2. O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto de xeito permanente para facilitar a máxima participación no programa.

Por resolución da persoa que ostenta a titularidade da alcaldía ou persoa que ostente as competencias en materia de vivenda, por delegación de aquel, poderase acotar temporalmente un prazo dentro do ano natural para a presentación de solicitudes; ampliar o mesmo e pechalo con antelación á data inicialmente prevista en función de que se acaden ou non un número de vivendas estimadas suficientes para o seu arrendamento nun determinado período ou na correspondente anualidade. As resolucións de modificación ou de peche do prazo de presentación de solicitudes publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello ou na sede electrónica municipal.

3. As solicitudes para a incorporación de vivendas dirixiranse ao concello e presentaranse no modelo normalizado de solicitude que figura como ANEXO I a estas bases, nas oficinas de rexistro do concello.
4. Xunto coas solicitudes deberá presentarse a seguinte documentación:
 - a. NIF da persoa titular da vivenda, ou quen dispoña dun dereito xurídico para efectuar o contrato de arrendamento, achegando documentación xustificativa de dito dereito.
 - b. Relación de persoas titulares da vivenda.
 - c. Nota simple informativa, actualizada, con indicación de cargas expedida polo Rexistro da Propiedade
 - d. Último recibo do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) da vivenda e, no seu caso, do rocho e/ou garaxe obxecto de arrendamento, ou certificación da referencia catastral. No seu defecto, referencia catastral do inmovible ao que pertenza a vivenda ou a solicitude de declaración catastral xunto coa documentación que permita a identificación da vivenda.
 - e. Descrición das características da vivenda e inventario de electrodomésticos e, no seu caso, mobles dos que dispoña a vivenda.
 - f. Declaración responsable de que non existen procedementos administrativos ou xudiciais en curso que afecten á vivenda ou a súa titularidade.
 - g. Declaración responsable de que a vivenda non ten cargas que impidan o seu arrendamento e que carece de limitacións por razón de legalidade urbanística; así como de que a vivenda está desocupada e susceptible de uso.
 - h. Declaración responsable de estar ao día no pagamento dos recibos de auga, luz, gas e lixo.
 - i. Declaración responsable do compromiso de poñer a disposición do Concello a vivenda durante tres anos, a contar dende a data de formalización do primeiro contrato, para o seu arrendamento no marco do Programa de Vivendas Baleiras. A permanencia no programa non se prolongará máis alá deste período de tres anos, por causa de sucesivos contratos de arrendamento.

Artigo 5.- Inspección Técnica

1. Unha vez completa e correcta a solicitude, o concello procederá á inspección técnica co obxecto da comprobación das condicións de habitabilidade e idoneidade da vivenda para o arrendamento, así como para a taxación da renda segundo o establecido neste acordo. Logo da visita de inspección elaborase o correspondente informe técnico sobre o cumprimento das citadas condicións.
2. Se a vivenda precisase obras e actuacións de reforma para reunir as condicións necesarias para o seu arrendamento no marco do Programa de Vivendas Baleiras, faranse constar no informe técnico.

Do dito informe darase traslado ao titular da vivenda para que, no prazo de tres meses, realice as obras e actuacións recollidas no mesmo. Dito prazo poderá prorrogarse por un período non superior a dous meses, a petición previa de parte interesada e sempre que quede acreditada a concorrencia de causas imprevistas que xustifiquen a demora na execución das reformas.

Cando na vivenda só se detecten defectos que requiran pequenas reparacións ou reposicións, o prazo para a súa realización será dun mes.

A non realización das reformas ou reparacións nos prazos establecidos, será causa de denegación da incorporación da vivenda ao programa.

3. Comunicada a finalización das obras e actuacións de reforma ou, no seu caso, das pequenas reparacións, realizarase unha nova visita de inspección para comprobar e verificar a súa execución emitíndose o correspondente informe.

Artigo 6.- Proposta de incorporación e aceptación das condicións

Unha vez comprobadas as condicións de habitabilidade e idoneidade da vivenda para o seu arrendamento, así como o cumprimento das demais características e requisitos establecidos neste acordo, elaborárase a proposta de incorporación ao Programa de Vivendas Baleiras, condicionada á aceptación das condicións recollidas na mesma para o seu posterior arrendamento.

Na mesma, farase constar, entre outros, o resultado da inspección ou inspeccións realizadas, con indicación das características da vivenda, así como a renda taxada pola que se arrendará a vivenda no marco do Programa de vivendas baleiras.

Artigo 7.- Declaración de “vivenda en réxime de arrendamento incorporada ao Programa de vivendas baleiras”

1. Unha vez revisada a vivenda e considerada apta, procederase a súa declaración como “vivenda en réxime de arrendamento incorporada ao Programa de Vivendas Baleiras”. Con carácter mensual comunicárase ao IGVS a relación de vivendas dadas de alta no programa, remitindo unha listaxe con todas elas, nos primeiros cinco días do mes seguinte ao da súa incorporación
2. A declaración será competencia da persoa que ostente a titularidade da Alcaldía, ou de quen a teña delegada e ostente as competencias en materia de vivenda.
3. A incorporación da vivenda ao Programa de vivendas baleiras non outorgará ningún dereito económico, respecto á obtención das garantías previstas neste acordo, en tanto non se formalice o primeiro contrato de arrendamento.

Artigo 8.- Causas de baixa das vivendas

1. Serán causas de baixa:
 - a. Polo transcurso do prazo de posta a disposición de tres anos dende o primeiro contrato de arrendamento.
 - b. Cando a vivenda quede desocupada por resolución do contrato de arrendamento a instancia ou por causa imputable ao arrendador ou ao arrendatario, no caso de que xa non dea tempo a asinar un novo contrato para o período fixado na cláusula quinta do convenio.
 - c. Por incumprimento das obrigas que lle corresponden como persoa propietaria ou arrendadora da vivenda, así como pola inobservancia dos compromisos e condicións derivados da incorporación da vivenda ao Programa de Vivendas Baleiras.
 - d. Por tratarse dunha vivenda dificilmente alugable, entendéndose que concorre dita causa cando estando desocupada transcorran máis de nove meses sen formalizar un contrato de arrendamento, por falta de demanda.

Así mesmo, procederá a baixa temporal no programa, cando a vivenda permaneza desocupada por obras.

- e. Cando a vivenda deixe de servir para o uso que se destina, por vicios ocultos, caso fortuíto ou forza maior, así como por calquera outra causa que xustifique a exclusión do programa.

TÍTULO II. CONDICIÓNS PARA O ACCESO ÁS VIVENDAS INCORPORADAS AO PROGRAMA

CAPÍTULO I.- DEMANDANTES DE VIVENDA EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO INCORPORADAS AO PROGRAMA

Artigo 9.- Requisitos das persoas demandantes de vivenda do Programa

Enténdese como unidade familiar ou de convivencia, ao conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas. Unha unidade de convivencia pode estar composta por varias unidades familiares, interesadas en acceder a unha vivenda en réxime de arrendamento incorporada ao Programa de vivendas baleiras.

As unidades familiares ou de convivencia deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter uns ingresos entre 1 e 2,5 veces o IPREM, de acordo co prorrateo establecido no artigo 12. Excepcionalmente, poderá exceptuarse do cumprimento de acreditar o límite mínimo de ingresos cando se trate de situacións de emerxencia social que deberán ser singularmente avaliadas. En todo caso, deberase acreditar no expediente de adxudicación a percepción duns ingresos económicos mínimos ou de axudas, públicas ou privadas, que lles permitan facer fronte ás obrigas económicas que deriven do contrato de arrendamento. Nestes supostos, con carácter previo á adxudicación deberá revisarse a situación particular no seo da Comisión de

Seguimento prevista no convenio que deberá verificar a suficiencia de recursos para o pago da renda, elevando a proposta correspondente ao órgano municipal competente.

Con carácter xeral, a renda que debe aboar a persoa inquilina non debe ser superior ao 30% dos seus ingresos, cuestión que deberá de quedar debidamente acreditada no expediente de adxudicación .

b) Non ter a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia unha vivenda en propiedade, a menos que non dispoña do seu uso e disfrute, nin do usufruto doutra vivenda en todo o territorio nacional, ou se trate dunha vivenda inadecuada ou insuficiente.

Entenderanse como condicións de inadecuación ou insuficiencia as seguintes:

1) Presúmense inadecuados os edificios e vivendas que non teñan unha finalidade propiamente residencial e os que se atopen en situación de ruína, así como as vivendas que teñan deficiencias, non imputables á falta de mantemento por parte da persoa solicitante, que afecten de forma notoria á habitabilidade, debidamente acreditadas por técnico competente.

2) Considérase que unha vivenda ten unha superficie insuficiente para a composición da unidade familiar cando a cada ocupante lle correspondan menos de 10 m² de superficie útil, non computándose para o efecto a correspondente a baños, corredores e tendais.

3) Enténdese que unha vivenda é inadecuada por causa de mobilidade cando a súa configuración arquitectónica, distribución espacial, localización ou accesos supoñan unha grave perda de funcionalidade para a persoa membro da unidade familiar ou de convivencia con mobilidade reducida.

c) Atoparse nunha situación persoal ou familiar que supoña unha dificultade para acceder a unha vivenda de alugueiro no mesmo municipio.

d) Non ter parentesco por vínculo de matrimonio ou outra relación estable análoga, por consanguinidade ou adopción, ata segundo grado, coas persoas arrendadoras.

e) Deberá quedar acreditado o grao de integración social. En concreto, non haberá antecedentes de ter incumprido reiteradamente as normas de convivencia. A estes efectos, poderán ser excluídas aquelas persoas que en virtude do informe emitido polos servizos sociais, conste que incumpriron reiteradamente as normas de comunidade.

Artigo 10.- Colectivos prioritarios

1. Para o acceso ás vivendas en réxime de arrendamento incorporadas ao Programa de vivendas baleiras, terán a condición de colectivos prioritarios os seguintes:

a) Unidades familiares ou de convivencia afectadas por procedementos de execución hipotecaria, sen necesidade de que exista unha resolución xudicial de finalización do citado procedemento xudicial.

b) Unidades familiares ou de convivencia afectadas por un procedemento xudicial de desafiuzamento por impago de rendas da súa vivenda habitual.

c) Unidades familiares ou unidades de convivencia con fillos menores así como familias numerosas e familias monoparentais con fillos a cargo.

d) Unidades familiares ou de convivencia nos que existan mulleres vítimas de violencia de xénero, sempre que o documento acreditativo da situación de violencia fora adoptado ou emitido nos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da vivenda. Así mesmo, será preciso que a orde de protección ou a medida cautelar estean vixentes.

e) Unidades familiares ou de convivencia nos que existan persoas maiores de 65 anos, persoas con dependencia ou con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %.

f) Unidades familiares ou de convivencia nas que existan persoas que foran beneficiarias de axudas ao aluguer no marco de programas xestionados polo IGVS e que, unha vez vencido o período máximo de percepción das mesmas, permanezan nunha situación de desprotección ou especial vulnerabilidade.

g) Unidades familiares ou de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.

h) Unidades familiares ou de convivencia formadas exclusivamente por mozos/as cunha idade comprendida entre os 18 e os 35 anos.

2. A pertenza a un destes grupos acreditarase documentalmente ou mediante informe do servizo social do concello onde se atopa a vivenda ou onde resida a unidade familiar ou de convivencia ou calquera medio de proba válido en dereito que o acredite.

Artigo 11.- Entidades sen animo de lucro

Sen prexuízo do anterior, o concello tamén poderá adxudicar as vivendas incorporadas ao Programa de Vivendas Baleiras a aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro para ser destinadas aos colectivos sinalados anteriormente.

A estes efectos, as entidades deberán de inscribirse no programa coma demandantes.

Artigo 12.- Determinación e ponderación de ingresos

1. Os ingresos da unidade de convivencia, determinaranse calculando o prorrateo mensual dos ingresos netos correspondentes a cada un dos seus membros durante os tres meses anteriores ao da presentación da solicitude.

2. Aos ingresos familiares determinados consonte ao anterior aplicarase, en función do número de membros da unidade familiar, o coeficiente multiplicador corrector seguinte:

- Familias de un membro: 1,00.
- Familias de dous membros: 0,90.
- Familias de tres membros: 0,80.
- Familias de catro membros: 0,75.
- Familias de cinco ou máis membros: 0,70.

3. No caso de unidades de convivencia compostas por máis dunha unidade familiar, os ingresos de cada unidade familiar, computados e ponderados conforme aos apartados anteriores, sumaranse e o resultado deberá estar comprendido dentro do límite máximo de ingresos para acceder a este programa.

Artigo 13.- Renda máxima segundo nivel de ingresos

As unidades familiares ou de convivencia que reúnan os requisitos e condicións establecidas neste acordo, poderán optar ás vivendas en réxime de arrendamento incorporadas ao Programa de vivendas baleiras cuxo prezo de renda mensual non sexa superior ao 30% dos seus ingresos, salvo nos casos excepcionais previstos neste acordo. Esta situación que deberá ser comprobada e certificada polo concello, quedará debidamente acreditada no expediente de adxudicación da vivenda.

CAPÍTULO II.- REXISTRO MUNICIPAL DE SOLICITANTES DE VIVENDA**Artigo 14.- Solicitude de incorporación**

1. Todas as unidades familiares ou de convivencia que queiran acceder a vivendas en réxime de arrendamento incorporadas ao Programa de vivendas baleiras deberán solicitalo ante o Concello.

2. O Concello anotará nun rexistro municipal creado ao efecto, aos solicitantes asignándolles un número de orde e coa indicación de alegación de pertenza a algún dos colectivos prioritarios definidos no artigo 10.

3. Na adxudicación da vivenda terase en conta o citado número de orde, xunto coa necesidade de casar as características da unidade de convivencia coa das vivendas de alta no programa e a renda mensual. Poderá valorarse, tamén, a necesidade urxente de vivenda nos casos de emerxencia social.

4. A solicitude realizarase no modelo que figura como Anexo II a este acordo e xunto con ela deberá presentarse debidamente a documentación sinalada no artigo seguinte.

5. Calquera variación nas circunstancias persoais ou económicas da unidade familiar ou de convivencia que se produza con posterioridade á solicitude inicial de incorporación ao programa será comunicada de xeito oficial, mediante a achega da documentación que a acredite.

Artigo 15.- Documentación

1. Xunto coa solicitude deberá acompañarse a documentación xeral e maila específica para determinados colectivos que se relacionan nos apartados 2 e 3 deste artigo.

2. Documentación xeral:

a) Acreditación dos ingresos netos correspondentes a cada un dos seus membros durante os tres meses anteriores ao da presentación da solicitude.

b) Fotocopia do DNI ou NIE de todas as persoas membros da unidade familiar ou de convivencia; no caso de fillos menores de idade que non teñan DNI, fotocopia do Libro de Familia; e no caso de estranxeiros NIE.

3. Documentación específica para determinados colectivos:

a) Mulleres vítimas de violencia de xénero. Para a acreditación da dita situación deberá aportarse algún dos seguintes documentos:

- Certificación da orde de protección ou medida cautelar, testemuño ou copia autenticada da secretaría xudicial da propia orde de protección ou medida cautelar.
 - Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare dita situación.
 - Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
 - Informe dos servizos de acollida.
 - Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local.
 - Calquera outro que se estableza legal ou regulamentariamente para a acreditación da dita situación.
- b) As familias numerosas: acreditación da condición de familia numerosa .
- c) As familias monoparentais con fillos: acreditación da citada condición.
- d) As persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida: certificación de dependencia ou discapacidade expedida polos correspondentes servizos da Consellería de Política Social.
- e) Persoas perceptoras de prestacións: certificación ou informe sobre a contía da prestación percibida.
- f) No seu caso, documentación acreditativa da perda do dereito ao uso da vivenda na que residiran con anterioridade (demanda ou sentenza de desafiuzamento en calquera instancia xurisdiccional, etc), ou da perda das condicións de habitabilidade da vivenda (informe do técnico municipal).
4. Declaración xurada de non ter, a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia, unha vivenda en propiedade, a menos que non dispoña do seu uso e disfrute, nin do usufruto doutra vivenda en todo o territorio nacional. O concello poderá solicitar un índice de titularidades rexistradas inmobiliarias da persoa solicitante, ou da súa unidade de convivencia, no caso de consideralo necesario.

Artigo 16.- Causas de baixa no rexistro de solicitantes de vivenda.

1. Serán causas de baixa no rexistro de demandantes as seguintes:

- a) Deixar de cumprir os requisitos establecidos nestas bases.
- b) Ter renunciado por dúas veces a vivendas adxudicadas ao abeiro deste programa. Non se poderán volver a anotar ata que transcorra un ano desde a data da última renuncia.

Para ditos efectos, non se terán en conta as renunciadas nas que concurra algunha das causas xustificadas como que a vivenda está situada nunha zona alonxada do entorno familiar, laboral ou asistencial, sempre que quede suficientemente acreditada a especial dificultade que iso suporía para a vida cotián da unidade familiar ou de convivencia.

- c) Non ocupar a vivenda no prazo dun mes desde a subscripción do contrato de arrendamento, salvo causa de forza maior.
- d) Ter resolto o contrato formalizado ao amparo do programa de vivendas baleiras por falta de pago da renda do arrendamento da vivenda ou por calquera outra causa imputable á arrendataria. Nestes supostos, non se poderán volver a anotar no Rexistro ata que transcorra 1 ano desde a data da desocupación ou desaloxo da vivenda incorporada ao Programa.

2. A celebración dun contrato de arrendamento ao abeiro do Programa de vivendas baleiras producirá a baixa automática no rexistro.

TÍTULO III. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E RELACIÓN ARRENDATICIA

CAPÍTULO I.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN

Artigo 17.- Principios xerais

1. A selección de arrendatarios e a adxudicación de vivendas incorporadas ao Programa de vivendas baleiras realizarase entre as unidades familiares e de convivencia que reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases e de acordo cos seguintes principios e criterios:
 - Publicidade, concorrencia competitiva, transparencia e obxectividade.
 - Correspondencia da renda do aluguer co nivel de ingresos da unidade familiar ou de convivencia, segundo o sinalado neste acordo.
 - Máxima adecuación das vivendas ás preferencias, características e composición da unidade familiar ou de convivencia.
 - Valoración das necesidades de emerxencia que precisen dunha urxente adxudicación.

2. Terán prioridade para ser adxudicatarios as unidades familiares ou de convivencia pertencentes aos colectivos prioritarios definidos nas bases da convocatoria, ou con necesidade urxente de vivenda nos casos de emerxencia social.

Artigo 18.- Procedemento de selección de arrendatarios e adxudicación de vivendas

1. A selección de potenciais arrendatarios realizarase entre as unidades familiares ou de convivencia anotadas no Rexistro, consonte aos principios e criterios de prioridade e preferencia sinalados nas presentes bases.
2. O concello poderá verificar o cumprimento dos requisitos das unidades familiares ou de convivencia que resulten seleccionadas e, no seu caso, requirir a documentación que sexa precisa para a comprobación das circunstancias alegadas, no caso de non telo feito antes.
3. A persoa que ostente a alcaldía do concello, ou aquela en quen delegue, adxudicará as vivendas de acordo aos criterios mencionados no artigo 14º.3, e comunicarllo á persoa adxudicataria para que acepte ou rexeite a solicitude no prazo máximo de cinco días hábiles.
4. Unha vez aceptada a adxudicación, procederase á formalización do contrato de arrendamento de acordo co establecido no artigo 19.
5. Nos supostos en que os ingresos das unidades solicitantes non acaden o IPREM poderase proceder, a criterio do correspondente órgano municipal, a valorar a posibilidade de adxudicación excepcional de acordo ao establecido no artigo 9.a)
6. De acordo ao establecido no artigo 11, os concellos tamén poderán adxudicar as vivendas incorporadas ao Programa de Vivendas Baleiras a aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro para ser destinadas aos colectivos sinalados anteriormente.
7. Unha vez asinado o contrato a unidade de convivencia beneficiaria deberá empadroarse na vivenda adxudicada.

CAPÍTULO II.- CONTRATO DE ARRENDAMENTO E RELACIÓN ARRENDATICIA

Artigo 19.- Formalización do contrato de arrendamento

1. O contrato de arrendamento será formalizado por escrito no modelo-tipo que figura como ANEXO III e asinarase pola arrendadora e a arrendataria, debéndose presentar unha copia na correspondente oficina municipal o mesmo día da súa sinatura, de non terse realizado a sinatura nas propias dependencias municipais
2. Ao contrato de arrendamento xuntarase o inventario da vivenda, asinado por ámbalas dúas partes en proba da súa conformidade co estado e condicións de ocupación da vivenda. Así como unha declaración responsable de tódalas persoas integrantes da unidade familiar ou de convivencia que residirán na vivenda.
3. Cando para a determinación dos requisitos de renda se teñan en conta os ingresos de máis dunha persoa integrante da unidade de convivencia, o contrato de arrendamento será asinado por todos eles, asumindo expresamente de xeito solidario a responsabilidade que se puidera derivar polo impago da renda
4. No momento da formalización do contrato, a persoa arrendataria aboará a primeira mensualidade por adiantado, e fará entrega da fianza en contía equivalente a unha mensualidade da renda. A parte arrendadora deberá proceder ao seu depósito no correspondente servizo do IGVS, na mesma data da sinatura do contrato, entregando unha copia do resguardo para o arquivo no correspondente expediente.
5. A formalización do contrato será comunicada ao IGVS de acordo ao establecido nos protocolos asinados coas compañías aseguradoras para que proceda a activar as coberturas de seguro vixentes. Esta comunicación deberá estar acompañada dun certificado municipal de cumprimento dos requisitos esixidos.

Artigo 20.- Condicións básicas do contrato de arrendamento

1. Serán requisitos e condicións necesarias que deberán de constar de modo expreso nos contratos que se subscriban ao amparo do Programa de Vivendas Baleiras, as seguintes:
 - a. A vivenda deberá destinarse a domicilio habitual e permanente da arrendataria e de todos os compoñentes da súa unidade familiar ou de convivencia, durante toda a vixencia do contrato.
 - b. Non ter relacións de parentesco en primeiro ou segundo grado de consanguinidade ou afinidade coa arrendadora. Ou, no seu caso, non ser socio ou partícipe da persoa xurídica que actúa como arrendadora.
 - c. A arrendataria, agás por causa de forza maior, deberá ocupar a vivenda no prazo dun mes desde a data de efectos do contrato de arrendamento.

- d. A arrendataria non poderá ceder nin subarrendar, total ou parcialmente, a vivenda.
 - e. O contrato de arrendamento terá unha duración inicial dun ano, e prorrogarase obrigatoriamente por períodos anuais ata acadar unha duración de tres anos, agás que a arrendataria manifieste a arrendadora, e ao concello, con 45 días de antelación, como mínimo, á data de terminación do contrato ou de calquera das súas prórrogas, a súa vontade de non renovo.
 - f. A renda pactada non poderá ser superior á taxada polo concello, e poderá ser actualizada anualmente aplicando a variación porcentual do Índice Xeral Nacional do Sistema de Índices de Prezos de Consumo (IPC), de acordo co establecido no artigo 18 da Lei de Arrendamentos Urbanos.
 - g. A renda deberá aboarse en pagos mensuais anticipados, dentro dos dez primeiros días de cada mes, na conta que se designe ao efecto
 - h. Os gastos xerais para o adecuado sostemento do inmovble, servizos, tributos, cargas e responsabilidades, serán a cargo da arrendadora, incluíndo neste concepto, das cotas da Comunidade de Propietarios, así como o importe do Imposto de Bens Inmobbles (IBI).
 - i. Os pagos dos subministros da vivenda, incluída a recollida de lixo, serán a cargo da arrendataria.
 - j. A prohibición da percepción de sobrepazos ou cantidades distintas á renda do aluguer pactada no contrato de arrendamento
 - k. A arrendataria deberá cumprir os deberes impostos pola Lei de Arrendamentos Urbanos, en especial, os relativos ao uso e conservación da vivenda; así como respectar e observar as normas esenciais de convivencia e os estatutos e normas de réxime interno da Comunidade de Propietarios.
 - l. As obras de reparación necesarias para a conservación da vivenda serán a cargo da arrendadora, agás as pequenas reparacións derivadas do desgaste polo uso ordinario da vivenda que serán a cargo da arrendataria.
2. Serán causas de resolución do contrato o incumprimento das obrigas establecidas no apartado 1 anterior, responsabilidade da arrendataria. En todo caso, no contrato de arrendamento deberán constar de modo expreso as seguintes causas de resolución:
- a. A falta de ocupación da vivenda no prazo dun mes desde a data de efectos do contrato de arrendamento.
 - b. O incumprimento da obriga do pago da renda no prazo e forma segundo o establecido no apartado anterior.
 - c. Causar graves desperfectos na vivenda ou incumprir as normas esenciais de convivencia.
 - d. A non realización pola arrendadora das reparacións necesarias para conservar a vivenda en condicións de habitabilidade e de servir para o uso que se destina.
3. A solicitude de resolución anticipada do contrato de arrendamento deberá ser comunicada á persoa propietaria e ao concello, como mínimo, con dous meses de antelación.

Artigo 21.- Incidencias na vivenda ou no pagamento da renda

1. Incidencias no pagamento da renda: calquera incidencia co pagamento da renda deberá ser comunicada inmediatamente, pola persoa propietaria, á compañía de seguros de impago de rendas e ao Concello.
2. Sinistros na vivenda: a persoa inquilina, ou a propietaria, comunicarán á compañía de riscos no fogar calquera incidencia producida na vivenda. No caso de que as incidencias producidas puideran supoñer a necesidade de baixa temporal da vivenda, pola gravidade das mesmas, tamén darán comunicación ao concello, para que se poidan avaliar as medidas a adoptar.

Artigo 22.- Finalización da relación arrendaticia

Unha vez rematada a relación arrendaticia xa sexa polo cumprimento do prazo máximo establecido ou por calquera outra causa, o concello dará comunicación ao IGVS de acordo ao establecido no protocolo de actuación.

Artigo 23. Comunicación ao IGVS das altas e baixas das vivendas e dos contratos de arrendamento.

O IGVS e as compañías aseguradoras redactaran un protocolo de actuación para a comunicación das altas e baixas das vivendas e dos contratos de arrendamento, ás que deberán adaptarse as comunicacións do concello.

No citado protocolo estableceranse os prazos de comunicación das altas, baixas e prórrogas, os formatos dos arquivos e calquera outra cuestión necesaria para facilitar a xestión do programa.

Artigo 24.- Comprobación e seguimento

1. Nos diferentes procedementos previstos neste acordo o concello poderá requirir ás persoas interesadas canta documentación e información estime conveniente para valorar o cumprimento dos requisitos e demais circunstancias relevantes para a resolución do correspondente expediente. En todo caso, a resolución será denegatoria cando se comprobe a falsidade ou ocultación dos datos esixidos.

2. Así mesmo, as solicitantes poderán aportar tanta documentación complementaria estimen pertinente para acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos en cada caso.

3. Para a comprobación e seguimento do mantemento dos requisitos e cumprimento das obrigas derivadas da incorporación ao programa, da posta a disposición das vivendas e da relación arrendaticia, o concello poderá realizar tódalas actuacións de comprobación e inspección que estime oportunas conducentes ao dito fin.

4. As persoas titulares das vivendas e as unidades convivencia teñen a obriga de facilitar dita labor de comprobación e inspección, permitindo a entrada na vivenda aos axentes das aseguradoras contratadas polo IGVS para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras, cando o caso así o requira.

Mondoñedo, a 10 de maio de 2017.- A Alcaldesa, María Elena Candia López.

R. 1339

Anuncio

O Pleno do Concello de Mondoñedo en sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2017, acordou prestar aprobación ás bases reguladoras de subvencións para a área de rexeneración e renovación do casco histórico de Mondoñedo e barrios históricos de San Lázaro e Os Muíños dos convenios prorrogados, durante o prazo de dous meses contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e que a continuación se transcriben:

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO E BARRIOS HISTÓRICOS DE SAN LÁZARO E OS MUÍÑOS DOS CONVENIOS PRORROGADOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

- I. En desenvolvemento dos acordos de comisión bilateral asinados entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Mondoñedo, polo que se asinaron os acordos da comisión bilateral relativo a Area de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Mondoñedo (Lugo) Comunidade Autónoma de Galicia en datas de 14 de marzo de 2015 e de 27 de outubro do 2015 para a anualidade 2015 .
- II. Con data 31 de decembro de 2016 remataba a vixencia dos citados acordos da Comisión Bilateral pero no boletín Oficial do Estado número 298 do 10 de decembro de 2016 publicouse o Real Decreto 637/2016 de 9 de decembro polo que se prorroga durante un ano o citado Plan Estatal 2013-2016
- II. Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de edificios nos seus elementos comúns. Con eles téntase estimular a rehabilitación integral dos ámbitos territoriais delimitados nas ARRUs, tanto na súa dimensión física como no da súa necesaria revitalización social, económica e cultural.
- III. Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nestas bases aquelas actuacións de rehabilitación de inmóbeis que se atopen situados dentro das ARRUs e que sexan conformes ás condicións e limitacións establecidas normativamente.

As solicitudes de intervención e as contías máximas das subvencións establécense tentarán incentivar as actuacións integrais nos edificios de xeito que se produza unha mellora das súas condicións de accesibilidade, con supresión de barreiras arquitectónicas, estanqueidade, seguridade e eficiencia enerxética.

IV. Na redacción destas bases tívose en conta o disposto na vixente Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, aplicábel ás entidades que integran a Administración Local, e na Lei de Galicia 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, en tanto que normas reguladoras das bases de concesión das subvencións.

1.Obxecto da convocatoria

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da Area de Rexeneración e Renovación Urbanas do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños, con cargo ós convenios asinados polo Concello para tal obxecto, no marco do Plan Estatal de Fomento do Alugueiro de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria, e a Rexeneración de Renovación Urbanas 2013-2016 o cal se prorroga segundo Real Decreto 637/2016 de 9 de decembro.

A convocatoria realízase polo disposto nos acordos prorrogados da Comisión Bilateral celebrada o 14 de marzo e 27 de Outubro do 2015 , relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños, Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de

Fomento do Alugueiro de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria, e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013 - 2016.

A concesión da subvención, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia competitiva, consonte aos criterios de selección dispostos no apartado 7 desta convocatoria.

2.- Beneficiarios das subvencións

1.- Poderán ser beneficiarios das axudas as que reúnan os requisitos establecidos nos artigos 6.2 e 28.1 do Real Decreto 233/2013.

Os propietarios/as de vivendas, os propietarios/as únicos de edificios de vivendas, as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios e os consorcios e entes asociativos de xestión.

Ademais os edificios, incluídos nun ámbito, deben contar co correspondente Informe de avaliación do edificio, con anterioridade á formalización da petición da correspondente axuda. Este informe é preciso sempre que sexa necesario segundo a Ordenanza de Inspección Técnica de edificacións adaptada á vixente lexislación en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas e o establecido na disposición transitoria primeira, 1 b) da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana e no artigo 21.1.a) do Real Decreto 233/2013.

Cando a execución da actuación corresponda a varios beneficiarios, a axuda se distribuirá en proporción ao custo asumido por cada un deles.

2.- Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria aqueles en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

3.- As persoas interesadas ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que cada concello estableza na convocatoria así como aos demais requisitos que se establezan nesta orde e demais normativa reguladora

3.- Obrigas das persoas beneficiarias:

As obrigas dos beneficiarios serán as seguintes:

1. Realizar as actuacións de rehabilitación para as cales se establecen as axudas no punto 4 da convocatoria

2. comunicar ó órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento das subvencións que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Mondoñedo consideren pertinentes durante a execución da actuación.

4.- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

5.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

6.- Cubrir os datos necesarios para a tramitación da axuda que sexan esixibles segundo o acordo de financiamento específico asinado.

7.- As demais obrigas recollidas na lexislación vixente de aplicación a presente convocatoria en especial as contempladas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 do decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4.- Actuacións subvencionables

De acordo co disposto polo artigo 26.1.a) do Real Decreto 233/2013, son subvencionables a execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos á normativa vixente.

Poderán acollerse ás axudas as actuacións xa iniciadas pero que non estean finalizadas a data da presentación das solicitudes.

Poderán incluírse os honorarios dos profesionais, o custo de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados precisos, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas, excluídos impostos, taxas e tributos.

5.- Procedemento de concesión.

1. O prazo de presentación de solicitudes de axudas comezará o día seguinte da publicación destas bases de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo
2. O procedemento é mediante concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.1 da Lei de Galicia 9/2007 de subvencións de Galicia.
3. A instrución do procedemento corresponderá a Oficina de Rehabilitación, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.
4. Á avaliación das subvencións serán realizadas por unha Comisión Avaliadora que estará integrada do seguinte xeito:

Presidente/a: A directora encargada da Oficina Municipal de Rehabilitación

Secretario/a: A secretaria-Intervención do Excmo. Concello de Mondoñedo

Vogais: A Auxiliar Administrativo da Oficina de Rehabilitación.

Os membros titulares da comisión poderán delegar, de xeito permanente ou para cada convocatoria individualizada de sesión, o exercicio do seu cargo, noutra persoa, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) O presidente da comisión terá que ser obrigatoriamente un técnico dos servizos municipais.
 - b) O secretario terá que pertencer a escala de administración xeral do concello.
 - c) Os vogais deberán de pertencer o mesmo grupo de clasificación profesional ou superior o mesmo.
5. O prazo máximo para resolver a convocatoria será de tres meses. Transcorrido o citado prazo sen que se notifique dita a resolución, o interesado poderá entender desestimada a petición para os pertinentes efectos.
 6. A resolución dos expedientes corresponderá á Xunta de Goberno Local que é asemade o órgano que ten a competencia para autorizar o correspondente gasto, tras a proposta formulada pola Comisión Avaliadora. Dita resolución pon fin á vía administrativa e deberá adoptarse no prazo de tres meses a contar dende o día seguinte en que se comunique polo interesado o remate das obras, acompañada de toda a documentación complementaria esixíbel, ou ben daquel en que se complete esta a instancia da administración. Transcorrido este prazo sen que se notificase a resolución, os interesados poderán entenderen desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención ós efectos oportunos.

6. Fases do procedemento.

1. Achegadas as solicitudes coa documentación aportada e unha vez efectuada a verificación documental da mesma, procederase a baremación segundo os criterios establecidos nestas bases.
2. Unha vez valorados e puntuadas todas as solicitudes, exporase no taboleiro municipal o listado provisional cos beneficiarios seleccionados, cun prazo de 10 días para facer as posibles reclamacións ou alegacións.
3. Logo de transcorrer o prazo de alegacións valoraranse as reclamacións si as houbera e logo exporase de novo o listado definitivo no taboleiro municipal.
4. Unha vez obtida a lista definitiva será trasladada a delegación provincial do IGVS de Lugo para obter a cualificación provisional.
5. Á vista da cualificación provisional, a Comisión Avaliadora formulará a avaliación para o outorgamento da subvención e o órgano que ostente a atribución para autorizar o gasto resolverá sobre a concesión inicial das axudas, previa proposta de resolución do servizo instrutor. Esta aprobación inicial terá a condición de acto de trámite.
6. No momento de elevar o expediente ao órgano competente para a súa aprobación, se as obras, visitadas e supervisadas previamente polos técnicos do servizo, estivesen cualificadas definitivamente, acordarase somente a aprobación definitiva das axudas, sen perxuízo de demora-lo recoñecemento do dereito ó abono da subvención ate o exercicio orzamentario ó que se teña adscrita a actuación.
7. Unha vez recibida a comunicación da cualificación provisional, e antes do escomezo das obras, o/a solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño que se estableza no manual de imaxe corporativa do Plan Vivenda 2013 - 2016 o cal deberá permanecer até o cobro total das axudas solicitadas.

7.- Criterios da selección das axudas.

O Concello de Mondoñedo, en función da dispoñibilidade de orzamento, do número máximo de axudas que se poidan conceder por razóns do axuste económico do número de actuacións a cumprir e da preferencia das

solicitudes, seleccionará as actuacións subvencionadas e aprobará unha selección previa das solicitudes candidatas a seren subvencionadas por concorrencia competitiva seguindo os criterios que se marcan e que se relacionan a continuación:

Establecese unhas criterios de baremación nos que a puntuación máxima serán 12 puntos, e se reparten tal e como se especifica a continuación :

1.- Por razón socioeconómicas (0-3)puntos calculado polo artigo 6.2b do RD 233/2013:

- 3 puntos: rentas inferiores a 1.5 veces o IMPREM
- 2 puntos: rentas de entre 1.5 a 3.5 veces o IMPREM
- 1 punto: rentas de entre 3.5 a 6.5 veces o IMPREM

2.- Por razóns de urxencia dos inmobles: porque estes presentaren problemas estruturais os cais entrañen algún perigo ou por vivendas que esteñan en estado ruinoso (ata 3 puntos)

3.- Por residencia habitual na vivenda e fixación de poboación (xustificado mediante certificado de empadramento)

Residencia habitual (estar empadroado como mínimo nos 2 anos anteriores) : 2 puntos

Fixación de poboación (por empadroarse na vivenda): 1 punto

4.- Nivel de catalogación na Area de Rehabilitación (dentro do Pepri, as de grado de protección 1 e 2, e para as vivendas de fora do Pepri, os inmobles catalogados: 2 puntos

En caso de empate terán preferencia aquelas que presenten a documentación completa esixible segundo as bases con máis antelación no tempo; e, por último, no caso de solicitudes que completaran a documentación ó mesmo tempo, terán preferencia as que temporalmente se presentasen antes no rexistro municipal.

8.- Orzamento protexido

Por orzamento protexíbel entenderase o custo máximo da execución da actuación a executaren. Comprenderá o orzamento xeral, e dicir, será o resultado de lle adicionar ao orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión por razón das actuacións. Non formarán parte daquel ningún tipo de taxas, impostos e outros ingresos de dereito público.

Só se considerarán actuacións protexíbeis aquelas que contén cun orzamento protexíbel mínimo por vivenda rehabilitada ou que participe nos custos de rehabilitación dun edificio de 1.000 €.

9.- Contía das axudas económicas.

A contía máxima das subvencións determinarase atendendo ó custo subvencionable da actuación, que incluírá no seu caso, os custos desagregados segundo os tipos de actuacións previstos no artigo 26 do Real Decreto 233/2013 e das presentes bases e non poderá exceder do 35 % do custo subvencionable da actuación.

Por cada vivenda obxecto de rehabilitación establécese unha axuda máxima unitaria de 11.000 euros. A contía máxima das axudas calcularase multiplicando dita suma polo número de vivendas obxecto de rehabilitación en cada actuación.

10.- Compatibilidade das axudas.

Estas axudas son compatíbeis con calquera outra, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desas axudas, a excepción das subvencións procedentes do Programa de Fomento da Rehabilitación Edificatoria contidas no Capítulo V do Real decreto 233/2013 pero a suma de todas elas non poderá superar, en ningún caso, o custo total da actuación concreta.

11.- Crédito orzamentario e contía

As subvencións previstas nesta ordenanza terán as limitacións que a normativa aplicábel prevea e as que esteñan establecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios prorrogados

As subvencións outorgaranse con cargo ás partidas orzamentarias que se incluíron nos orzamentos para a anualidade 2015-2016 co nome e coa dotación orzamentaria máxima seguinte, segundo as aportacións comprometidas no Acordo de data 14 de marzo de 2015 e 27 de outubro de 2015 entre o Ministerio de Fomento, o IGVS da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Mondoñedo en materia de actuacións en cada unha das ARIs existentes, que se prorrogan e que se recollen no cadro seguinte:

PARTIDA	Mº FOMENTO 2015€	TOTAL
CONVENIO MINISTERIO FOMENTO - IGVS ARI CASCO HISTORICO 13ª FASE REHABILITACIÓN REFINANCIADO	137.072,26€	137.072,26€
CONVENIO MINISTERIO FOMENTO - IGVS ARI CASCO HISTORICO -14ª FASE	5.944,93€	5.944,93€
TOTAL		143.017,19€

A concesión das subvencións para tódolos exercicios económicos, quedan condicionadas e limitadas á existencia de partida e de crédito orzamentario dispoñible en cada unha das anualidades as que se imputen as actuacións a subvencionar.

Poderanse incrementar as cuantías económicas en función da disponibilidad orzamentaria dos fondos que libre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia.

A contía destas axudas poderá ser modificada ao alza cando concurren as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Ley 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

12. Inspección Técnica previa e Servizos de asistencia técnica

O petionario/a poderá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ao inicio das obras subvencionábeis. Alén diso, deberá achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas. A visita técnica será efectuada polos técnicos da Oficina Municipal de Rehabilitación, para comprobar o estado da edificación e asesorar ao petionario/a sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmóbel.

Realizada a visita de inspección e o informe que define previamente as obras para realizar, o particular poderá solicitar a Oficina Municipal de Rehabilitación, a colaboración para a redacción da documentación técnica precisa para a obtención de licenza de obras ou actuación comunicada eficaz. En ningún caso esta colaboración significará asumir o encargo de redacta-los documentos técnicos citados.

Estas solicitudes de colaboración serán aceptadas, en función dos medios e recursos dispoñíbeis, nos seguintes casos:

- a) Obras menores que non requiran de proxecto técnico.
- b) Outras solicitudes consideradas de interese xeral.

En todo caso, tanto a redacción de documentación para a obtención de licenza ou actuación comunicada eficaz coma a dirección facultativa das obras serán realizadas por técnicos con capacitación profesional e habilitación legal abundas e axeitadas ás características das obras que se deban acometer contratados directamente polos posibles beneficiarios das subvencións.

13.- Prazo de presentación das solicitudes:

Poderán presentarse as solicitudes no prazo de **2 meses** contados dendeo día seguinte a publicación destas bases no BOP

14.- Aprobación inical das obras

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, presentada a solicitude, revisará a documentación presentada, e logo dos requirimentos que considere oportunos para completar ou aclarar a documentación recibida, denegando as solicitudes que non cumpran os requisitos, elaborará unha proposta de cualificación provisional que remitirá a Área Provincial do IGVS en Lugo.

A proposta de cualificación provisional conterà a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e virá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan 2013-2016, referida tanto ás actuacións, aos edificios e vivendas como ás persoas beneficiarias.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

15.- Execución das obras

O solicitante promotor das obras daralle conta á Oficina Municipal de Rehabilitación da data do comezo das obras.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, é en todo caso deberán estar rematadas antes do 30 de decembro do 2017, data que poderá ser prorrogada segundo o acorde o Ministerio de Vivenda.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da Dirección Facultativa, pola Oficina de Rehabilitación e, en todo caso, deberán estar autorizadas pola correspondente licenza ou comunicación previa / declaración responsable, orde de execución e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar ó cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e até o cobro total de axudas solicitadas.

16.- Remate das obras e Cualificación Definitiva

Os promotores das actuacións comunicarán o seu remate de acordo co previsto na cualificación provisional por medio da documentación acreditativa da finalización de obra, e en todo caso con data anterior ao 30 de novembro do 2017, de xeito que o Concello teña tempo suficiente para realizar as seguintes comprobacións con anterioridade a dita data:

1. Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e de acordo coa cualificación provisional.
2. Que para a súa execución se contan con todas as autorizacións necesarias.
3. As facturas cotexadas e documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións deberán estar pagadas pola persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional.

As facturas cotexadas emitidas pola empresa adjudicataria e xustificación de pagos mediante transferencia bancaria, talón ou calquera outro medio regulado pola Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Non se admitirán os pagos nin os ingresos en efectivo.

Ademais as facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

4. No caso de ser obrigatorio deberá achegarse a certificación enerxética do edificio no que se reflicta unha mellora da cualificación enerxética total do edificio.

O Concello elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará e virá acompañada dunha certificación do Concello do cumprimento dos requisitos do Plan 2013-2016.

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

Será causa da denegación da cualificación definitiva a non execución das actuacións ou a súa execución fóra de prazo, así como o incumprimento por parte do/a promotor/a de calquera requisito para obter a condición de persoa beneficiaria.

17.- Pagamento das subvencións

A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS procederá a resolver o pagamento ao Concello atendendo ao previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2013-2016.

O Concello aboará as correspondentes subvencións aos/ás promotores/as que resulten persoas beneficiarias e xustificarán perante o IGVS os pagamentos realizados, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento.

Procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

O abono realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto no punto 7 da convocatoria ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

Con carácter previo ao abono das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán presentar:

- a) Certificado da titularidade a nome do beneficiario da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) En caso de contías inferiores ou iguais a 3.000€: declaración xurada do beneficiario de estar ao corrente

dos pagos da Seguridade Social e Facenda (Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia e administración local

c) En caso de contías superiores a 3.000€ : Certificados de que o beneficiario está ao corrente dos pagos da Seguridade Social e da Axencia Tributaria Galega. Autorizacións ao Concello para consultar os datos persoais de estar ao corrente coa administración Tributaria Estatal e Local.

18.- Causas de denegación e perda das axudas.

1.- Sen prexuízo das posibles incompatibilidades que legalmente foran aplicables en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2.- Segundo o artigo 13, da Orde do 9 de marzo de 2015, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

3.- Consonte o artigo 14, da Orde do 9 de marzo de 2015:

a)- O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

b)- En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instructor de calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

c).- Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d)4.- O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4.- Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos puntos 2 e 4 da convocatoria, as seguintes:

a) Incurrir en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda reflectido no apartado 5 desta convocatoria.

b) Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.

c) O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.

d) A incorrecta execución das obras de rehabilitación apreciada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

a) O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

f) Calquera outra que establezan as normativas vixentes.

19.- Tratamento de datos de carácter persoal.

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Oficina Municipal de Rehabilitación do Concello de Mondoñedo, ante a cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

De conformidade co disposto polo artigo 14.1.ñ) da Lei de Galicia 9/2007 de subvencións de Galicia, infórmase aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

20.- Normativa de aplicación.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

a) O Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

b) O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

d) A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

b) A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

c) Lei 8/2013 de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

d) O Convenio de colaboración asinado o 5 de setembro de 2014 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

A Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

Os Acordos de Comisión Bilateral asinados entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Mondoñedo en data 14 de marzo e 27 de outubro de 2015 para o financiamento das distintas ARRUs declaradas no término municipal.

Real Decreto 7/2015, 30 de outubro, texto refundido da ley do solo e rehabilitación urbana.

Mondoñedo, a 10 de maio de 2017.- A Alcaldesa, María Elena Candia López.

R. 1355

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA ABRIL DE 2017

Por Xunta de Goberno Local do día 8 de maio de 2017 aprobouse o Padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza de abril de 2017.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 11 de maio ata o 11 de xullo de 2017.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 8 de maio de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 1320

PORTOMARÍN

Anuncio

Visto o Regulamento e bases xerais e específicas da bolsa municipal de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para axuda no fogar.

Visto que dito Regulamento foi aprobado polo Pleno do Concello en data 17-12-2015 e publicado definitivamente no BOP nº 37 de 16 de febreiro.

Vista a necesidade de renovación de dita bolsa de emprego para a cobertura do servizo a través da contratación para a substitución de persoal do saf para vacacións, asuntos propios por baixas de enfermidade, baixas maternais etc., faise pública a apertura de prazo á presentación de instancias (prazo de 10 días hábiles) contados a partir do día seguinte a presente publicación no BOP.

As instancias en modelo oficial (anexo 1 do presente) as que poderán concurrir as persoas que reúnen os requisitos sinalados no artigo 3 e 4 do regulamento, dirixiranse ao Sr. Alcalde acompañado dos documentos a que refiren os artigos 2 e 3 das bases xerais.

O Alcalde, Juan Carlos Serrano López

ANEXO I**MODELO DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NA BOLSA DE EMPREGO****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:****Nome:****DNI / NIE:****Enderezo:****C.P. / Poboación / Provincia:****Teléfono fixo:****Teléfono móvil:****E-mail:****Data de nacemento:****Nacionalidade:****Sexo: Situación familiar:****Carné de conducir: Clase: Vehículo:****EMPREGOS PREFERENTES:**

1. Auxiliar de Axuda no Fogar

DISPONIBILIDADE:**Xornada laboral: Horario: Lugar: Portomarín e entorno (40 Kms).****OBSERVACIÓNS:**

Solicito formar parte da Bolsa de Emprego do Concello de Portomarín para o posto ao que se opta de Auxiliar de Axuda no fogar, recoñecendo que fun informada do funcionamento da mesma e comprometendome a cumprir coas obrigacións deste servizo. Así mesmo, declaro que os datos aportados son certos na súa totalidade e responsabilizome de comunicar ó equipo técnico encargado da xestión desta Bolsa de Emprego calquera variación nos mesmos, co obxecto de manter actualizada a miña solicitude.

Son consciente de que para poder levar a cabo a incorporación da miña solicitude á Bolsa de Emprego é precisa a cesión de datos de carácter persoal (L.O. 15/1999, de 13 de decembro) polo que concedo a mesma, autorizando ó Concello de Portomarín ao procesamento informático dos datos aportados, co único obxecto de pertencer a súa bolsa de emprego e proceder á difusión destes datos de cara a cumprir os obxetivos da mesma. Así mesmo, rexeito o uso dos datos aportados para calquera outra finalidade non vinculada á Bolsa de Emprego.

Lugar e data da solicitude.**Sinatura.**

Portomarín, a de 20

Concello Portomarín

D./dona

R. 1295

*Anuncio***EXPEDIENTE DE RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS.**

Aprobado en sesión de 03 de abril de 2017, Expediente de Reconocimiento Extrajudicial de Créditos por suplementos de créditos, en el presupuesto de esta Corporación, en cumplimiento de lo dispuesto en el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobada por el Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento, por plazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, que deberán ser dirigidas al Sr. Alcalde-Presidente de esta Corporación, y en caso de que en dicho plazo no se produjesen reclamaciones se entenderá aprobado definitivamente.

Portomarín, 3 de maio de 2017.- El Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 1296

Anuncio

Aprobada inicialmente por o Pleno da Corporación en data 03 de abril de 2017 as ALTAS E BAIXAS DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DAS ENTIDADES LOCAIS.

Sometese a información pública e audiencia dos interesados por prazo de vinte días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente no BOP.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto-Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcurrido o prazo de trinta días hábiles de información pública sin que exista reclamación algunha, quedará automáticamente elevado a definitivo o citado acordo.

Portomarín, 3 de maio de 2017.- El Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 1297

RIBADEO*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 06/2017. SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA FINANCIAR AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 11/05/2017, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 06/2017 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, coa finalidade de amortizar operacións de endebedamento vixentes, pola cantidade de 600.000,00 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcurrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, a 12 de maio de 2017.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

R. 1359

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 07/2017. SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 11/05/2017, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 07/2017 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito para financiamento de inversións con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, pola cantidade de 65.000,00 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, a 12 de maio de 2017.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

R. 1360

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 08/2017. SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA FINANCIAR REC 02/2017**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 11/05/2017, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 08/2017 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesouraría, para a cobertura do recoñecemento extraxudicial de crédito 02/2017, pola cantidade de 45.548,36 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, a 12 de maio de 2017.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

R. 1361

Anuncio

Faise público que tras superar o oportuno proceso selectivo levado a cabo neste Concello foi nomeado, por resolución de 9 de maio de 2017 como Técnico Informático-Axente Tic deste Concello, con carácter interino para desenvolvemento dun programa temporal D. Jorge PEREIRA ALCARAZ, titular do DNI/NIF 76938346-B.

Ribadeo, 10 de maio de 2017.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA. O SECRETARIO EN FUNCIONS, JOSÉ RODIL VEIGA

R. 1362

SAMOS*Anuncio*

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de 04/05/2017, os padróns municipais dos Prezos Públicos polos servizo de axuda no fogar e polos servizos de axuda no fogar e vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a ABRIL de 2017 e atrasos de dependentes de xaneiro a marzo, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Pastor ou BBVA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 4 de maio de 2017.- ALCALDE, JULIO GALLEGO MOURE

R. 1298

VILALBA

Anuncio

Rectificación del error aritmético existente en las "BASES PARA LA SELECCIÓN TEMPORAL DE UNA PLAZA DE TÉCNICO MEDIO DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL AYUNTAMIENTO DE VILALBA (LUGO). Expte1.465/2017", aprobadas por acuerdo de la Junta del 17 de abril de 2017 conforme al texto que se expone a continuación:

Donde dice:

"5.- PROCEDIMIENTO SELECTIVO.

5.1. La selección de los aspirantes se realizará a través del sistema de concurso-oposición libre. Constará, por tanto, de dos fases. La fase de concurso valdrá un 30%, la de oposición el 65%. y entrevista técnica 15%."

Debe decir:

"5.- PROCEDIMIENTO SELECTIVO.

5.1. La selección de los aspirantes se realizará a través del sistema de concurso-oposición libre. Constará, por tanto, de dos fases. La fase de concurso valdrá un 30%, la de oposición el 55%. y entrevista técnica 15%."

Vilalba, a 5 de maio de 2017.- El alcalde. Agustín Baamonde Díaz

R. 1299

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

DOÑA MARÍA ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES 166/2016 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de DOÑA CRISTINA FERNÁNDEZ CAÑA, contra la empresa "E.S. VALLE DE ORO, S. L.", sobre ORDINARIO, se ha dictado resolución, en fecha 04.05.17, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

"Acuerdo:

a) Declarar al ejecutado "ESTACIÓN SERVICIO VALLE DE ORO, S.L.", en situación de **INSOLVENCIA** por importe de **2.692,72 EUROS más el 10% de interés legal de mora, en concepto de principal**, insolvencia que se entenderá, a todos los efectos, como provisional.

b) Hacer entrega de certificación a la parte ejecutante para que surta efectos ante el Fondo de Garantía Salarial, una vez sea firme la presente resolución.

c) **Archivar** las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe **recurso directo de revisión** que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2324 en el BANESTO debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos."

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a E. S. VALLE DEL ORO, S. L., en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, a cuatro de mayo de dos mil diecisiete.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 1300

Anuncio

DOÑA MARÍA ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, SECRETARIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO TRES DE LUGO Y SU PROVINCIA:

En la ejecución nº 220/2013, seguidos ante el Juzgado de lo Social nº 3 de Lugo, a instancia de FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN contra la EMP. "JAVIER CARBALLEIRA PEDREIRA", sobre Reclamación de Cantidad, con fecha 04-05-2017 se ha dictado DECRETO cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

"ACUERDO: Aprobar la propuesta de liquidación de intereses formulada por la parte ejecutante por importe de **7,37 EUROS**, cuyo pago corresponde a la parte ejecutada EMP. "JAVIER CARBALLEIRA PEDREIRA" en las presentes actuaciones.

Existiendo en las presentes actuaciones **la cantidad sobrante de 6,93 EUROS**, **ACUERDO** la entrega de la misma a la parte ejecutante en concepto de parte de los citados intereses, **quedando pendiente de pago por parte de la ejecutada la cantidad de 0,44 EUROS**. En caso de ser abonada a través de esta Oficina Judicial deberá ser ingresada en la cuenta de depósitos y consignaciones que este Juzgado tiene abierta en la entidad BANCO SANTANDER bajo el nº 2324/0000/64/0220/13.

Notifíquese a las partes esta resolución, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Podrá interponerse **recurso directo de revisión de revisión** ante quien dicta esta resolución mediante escrito que deberá expresar la infracción cometida a juicio del recurrente, en el plazo de **TRES DÍAS HÁBILES** siguientes a su notificación. (Art. 188 de la LJS). El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros en la 2324/0000/30/0220/13 del BANCO SANTANDER, debiendo indicar en el campo concepto, la

indicación recurso seguida del código "31 Social- Revisión". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "código 31 Social- Revisión". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo manda y firma Doña María de los Ángeles López Carballo, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número tres de Lugo; doy fe."

Y para que sirva de notificación a la **EMP. "JAVIER CARBALLEIRA PEDREIRA"**, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia, con el apercibimiento de que las siguientes comunicaciones se harán en estrados, salvo las que deban revestir forma de auto o sentencia o se trate de emplazamiento, de conformidad con el art. 59 de la LJS.

LUGO, cuatro de mayo de dos mil diecisiete.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 1301
